

COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

O pasado xoves 22 de xuño celebrouse reunión ordinaria do Comité de Seguridade e saúde Laboral da Consellería de Infraestruturas e Vivenda coa seguinte orde do día.

1º Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.

2º Membros do Comité de Seguridade e Saúde Laboral.

Falta un delegado do Comité de Seguridade e Saúde por nomear pola parte sindical da U.X.T. Acordase mandar un escrito a UXT para que proceda o seu nomeamento.

3º Documento de avaliación de riscos, plan de acción, medidas de emerxencia do centro: Taller e Parque de maquinaria da AXI en Ourense.

Entregásenos documentación da dita avaliación para a súa revisión. Acordase que cada 6 meses se comprobe que se compren coas medidas establecidas en función das avaliacións realizadas.

4º Programación de avaliacións 2017.

Por parte da Administración fáisenos entrega da programación de avaliación para o 2017. Dende CSI•F pedimos que se faga a avaliación de tódolos centros de traballo pendentes. Este comité acorda que se ira facendo a avaliación de riscos a tódolos centros de traballo, valorando por parte dos membros deste comité que centros teñen preferencia.

5º Roupas de traballo ao persoal da Axencia Galega de Infraestruturas.

O presidente do Comité informa que na actualidade o proceso da roupa de traballo da AXI atópase en fiscalización, polo que os seguintes pasos son o establecemento das tallas, a súa confección e proceder a súa entrega.

Este Comité acorda formar un grupo de traballo para definir as prendas necesarias e verificar que a empresa cumpra cos requisitos da roupa entregada.

6º Estado dos vehículos do parque móbil da AXI.

O presidente do comité despois de recadar información nos informa de que o parque móbil da AXI non foi renovado dende fai anos, pero que por parte de AXI se vai a facer un esforzo para ir renovando o referido parque a partires do mes de outubro, tendo en conta os quilómetros e antigüidade dos vehículos. Dende CSI•F propoñemos que polo que respecta ás brigadas ou equipos de traballo, tras consultar aos traballadores, os vehículos mais axeitados serían os PIK-UP con caixa.

7º Tarefas da contabilización de vehículos –persoal AXI.

O presidente do comité informa que a AXI esta a traballar para buscar un sistema que faga dito cálculo de forma informatizada. Dende CSI•F pedimos que se faga unha avaliación de riscos.

Ourense, 27 de Xuño de 2017